

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA TRINTA E UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZAOITO**

---

No salón vermello da Casa do Concello desta cidade, a **trinta e un de outubro de dous mil dezaoto**. Baixo a Presidencia do **excelentísimo señor alcalde don Xulio Xosé Ferreiro Baamonde** e coa asistencia das e dos **tenentes de alcalde dona María García Gómez e don Xiao Varela Gómez**, así como das **concelleiras e concelleiros don María Rocío Fraga Sáenz, don José Manuel Sande García, dona María Eugenia Vieito Blanco, dona Claudia Delso Carreira e don Daniel Díaz Grandío**, reuniuse, previa convocatoria regulamentariamente circulada, a Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Asisten, así mesmo, don Manuel José Díaz Sánchez, secretario xeral do Pleno, desempeñando a función do Órgano de Apoio á concelleira secretaria e á Xunta de Goberno Local, así como don Ángel David Murado Codesal, interventor xeral e don Juan Carlos Martínez Muñiz, director da Área de Apoio á Alcaldía.

Dá fe do acto a **concelleira-secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María Eugenia Vieito Blanco**.

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DE LA JUNTA DE GOBIERNO LOCAL DE FECHA TREINTA Y UNO DE OCTUBRE DE DOS MIL DIECIOCHO**

---

*En el salón rojo de las Casas Consistoriales de esta ciudad, a treinta y uno de octubre de dos mil dieciocho. Bajo la Presidencia del excelentísimo señor alcalde don Xulio Xosé Ferreiro Baamonde y con la asistencia de las y los tenientes de alcalde doña María García Gómez y don Xiao Varela Gómez, así como de las concejales y concejales doña María Rocío Fraga Sáenz, don José Manuel Sande García, doña María Eugenia Vieito Blanco, doña Claudia Delso Carreira y don Daniel Díaz Grandío, se reunió, previa convocatoria reglamentariamente circulada, la Junta de Gobierno Local, al objeto de celebrar sesión extraordinaria en primera convocatoria.*

*Asisten, asimismo, don Manuel José Díaz Sánchez, secretario general del Pleno, desempeñando la función del Órgano de Apoio a la concejala secretaria y a la Junta de Gobierno Local, así como don Ángel David Murado Codesal, interventor general y don Juan Carlos Martínez Muñiz, director del Área de Apoio a la Alcaldía.*

*Da fe del acto la concejala-secretaria de la Junta de Gobierno Local, doña María Eugenia Vieito Blanco.*

Asiste tamén a concelleira da oposición dona María Pilar Neira Martínez (PSOE).

Desculpan a súa ausencia a tenente de alcalde dona Silvia Cameán Calvete e o tenente de alcalde don Alberto Lema Suárez.

Ás catorce horas a Presidencia declara iniciada a sesión e pasa a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

## FACENDA E ADMINISTRACIÓN

### Persoal

**Resolución da convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de oficial maior do Concello da Coruña.**

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente, e do que se dará traslado en todo caso xunto coa certificación/notificación do presente acordo en canto serve de motivación ao mesmo,** de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

Primeiro.- Resolver a convocatoria pública para a provisión, polo

*Asiste también la concejala de la oposición doña María Pilar Neira Martínez (PSOE).*

*Disculpan su ausencia la teniente de alcalde doña Silvia Cameán Calvete y el teniente de alcalde don Alberto Lema Suárez.*

*Siendo las catorce horas la Presidencia declara abierta la sesión, pasándose a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

## HACIENDA Y ADMINISTRACIÓN

### Personal

*Resolución de la convocatoria pública para la provisión, por el sistema de libre designación, del puesto de oficial mayor del Ayuntamiento de A Coruña.*

*Previa deliberación, de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente, y del que se dará traslado en todo caso con la certificación/notificación del presente acuerdo en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el art. 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:*

*Primero.- Resolver la convocatoria pública para la provisión, por el*

sistema de libre designación, do posto de oficial maior do Concello da Coruña, aprobada por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/06/2018, publicado no DOG núm. 155, de data 14/08/2018 e no BOE núm. 224, de data 15/09/2018.

Segundo.- Adxudicar a D. Miguel Iglesias Martínez o posto de traballo de oficial maior do Concello da Coruña, de conformidade coa Relación de Postos de Traballo do Concello da Coruña e coas características que se describen na seguinte táboa:

Servizo	Cod	Unidade Org.	Pto. Trabajo	Dot.	Gr.	Nin	Esc.	R.E	C.E	T.P.	F.P.	U.E.	Adm.
Ofi. Maior	OF0000	Oficialía Maior	Of. Maior	1	A1	30	HN	F	FR16 ED	S	LD	N	TD

Terceiro.- O expresado nomeamento producirá efectos a partir da data de toma de posesión do posto de traballo obxecto da convocatoria.

O prazo de toma de posesión no novo destino será de tres días hábiles, se se trata de postos de traballo da mesma localidade, ou dun mes, se se trata de postos de traballo en localidade distinta.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cese, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación da

*sistema de libre designación, del puesto de oficial mayor del Ayuntamiento de A Coruña, aprobada por Acuerdo de la Junta de Gobierno Local de fecha 29/06/2018, publicado en el DOG núm. 155, de fecha 14/08/2018 y en el BOE núm. 224, de fecha 15/09/2018.*

*Segundo.- Adjudicar a D. Miguel Iglesias Martínez el puesto de trabajo de oficial mayor del Ayuntamiento de A Coruña, de conformidad con la Relación de Puestos de Trabajo del Ayuntamiento de A Coruña y con las características que se describen en la siguiente tabla:*

*Tercero.- El expresado nombramiento producirá efectos a partir de la fecha de toma de posesión del puesto de trabajo objeto de la convocatoria.*

*El plazo de toma de posesión en el nuevo destino será de tres días hábiles, si se trata de puestos de trabajo de la misma localidad, o de un mes, si se trata de puestos de trabajo en localidad distinta.*

*El plazo de toma de posesión empezará a contarse a partir del día siguiente al del cese, que deberá efectuarse dentro de los tres días hábiles siguientes a la publicación*

resolución do procedemento de provisión no Boletín Oficial do Estado.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a devandita publicación.

Cuarto.- Remitir á Dirección Xeral de Función Pública do Ministerio de Facenda e Función Pública para a súa publicación no BOE e inclusión no Rexistro de funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, así como ao órgano competente da Xunta de Galicia para a súa anotación.

Quinto.-Dar traslado deste acordo ao Pleno da Corporación Municipal para a súa toma de coñecemento.

Ao non haber máis asuntos que tratar, e ás catorce horas e sete minutos, a Presidencia remata a sesión e redáctase a presente acta que asinan e autorizan a Alcaldía e a concelleira-secretaria da Xunta de Goberno Local; todo iso de acordo co disposto no artigo 126.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

*de la resolución del procedimiento de provisión en el Boletín Oficial del Estado.*

*Si la resolución implica el reingreso al servicio activo, el plazo de toma de posesión deberá computarse desde dicha publicación.*

*Cuarto.- Remitir a la Dirección General de Función Pública del Ministerio de Hacienda y Función Pública para su publicación en el BOE e inclusión en el Registro de funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, así como al órgano competente de la Xunta de Galicia para su anotación.*

*Quinto.-Dar traslado de este acuerdo al Pleno de la Corporación Municipal para su toma de conocimiento.*

*No habiendo más asuntos que tratar, y siendo las catorce horas y siete minutos, la Presidencia levanta la sesión, redactándose la presente acta que firman y autorizan la Alcaldía y la concejala-secretaria de la Junta de Gobierno Local; todo ello de conformidad con lo dispuesto en el artículo 126.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local.*